

## **CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A UNIDADE DE XESTIÓN DE CHAMAMENTOS, INSERIDA NA DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS DA EOXI CORUÑA**

Con data 9 de maio de 2011 (DOG nº 89) publícase a Resolución conxunta do 26 de abril de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade e da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, pola que se dispón a publicación do pacto subscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CC.OO., CEMSATSE, CIG, UXT e USAE, sobre selección de persoal estatutario temporal no ámbito do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade.

Por aplicación do citado Pacto de vinculacións temporais, a xestión de chamamentos será levada a cabo polas direccións de recursos humanos das xerencias de xestión integrada, logo de determinación por estas das necesidades de vinculación nos seus centros de gasto dependentes.

Tradicionalmente estas función eran exercitadas por funcionarios adscritos nas Unidades administrativas das Direccións Provinciais do Servizo Galego de Saúde. Por efecto da Orde do 5 de xullo de 2012 pola que se adscriben as unidades e postos de traballo á Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e se extingue a Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde, a Unidade de Xestión de Chamamentos pasou a formar parte da Dirección de RR.HH. da EOXI Coruña.

Por Resolución de 27 de febreiro de 2014 da Consellería de Facenda (DOG do 3 de marzo) resolveuse o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na administración xeral da Xunta de Galicia, cesando no posto de traballo ao que estaba adscrito persoal funcionario da Unidade de Chamamentos.

Con data 23 de decembro de 2009 asinouse no seo da Mesa Sectorial de sanidade a acta de aprobación das bases do procedemento de traslados internos, dentro das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, do persoal estatutario fixo correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos. A mobilidade interna do persoal realizarase conforme aos principios e criterios de ordenación do réxime estatutario contemplados no artigo 4 da Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos servizos de saúde.

En desenvolvemento das citadas bases asináronse, no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, o 29 de xullo de 2010 as bases para o proceso de mobilidade interna. Bases renovadas por Acordo de 13 de xullo de 2012 entre a Xerencia da EOXI Coruña e as centrais sindicais CC.OO., USAE e UXT, vixentes na actualidade.

Por mor da perentoriedade da cobertura dunha praza da categoría de Auxiliar da función administrativa na Unidade de chamamentos, o Xerente de Xestión Integrada da Coruña, en uso das competencias establecidas no Decreto 168/2010,

### **RESOLVE**

Publicar unha convocatoria extraordinaria dun posto de auxiliar administrativo para a Unidade de xestión de chamamentos, inserida no Servizo de RR.HH. da EOXI Coruña, de acordo coas seguintes

Xerencia de Xestión Integrada



## BASES

**Primeira.-** Características do posto que se convoca:

Denominación.- Auxiliar administrativo. Unidade de xestión de chamamentos. Área de RR.HH.

Quenda de traballo.- de 10 a 17 horas.

**Segunda.-** a presente convocatoria rexerese polas bases xerais e baremos que regulan os procedementos de mobilidade interna no ámbito do CHUAC vixentes na actualidade, publicadas no "espazo do profesional" e acordadas mediante Resolución de 13 de xullo de 2012 da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

**Terceira.-** As solicitudes presentaranse mediante escrito dirixido á Dirección de RR.HH. da Estrutura de Xestión Integrada da Coruña no prazo de dez días laborais a contar dende a data de publicación da convocatoria nos taboleiros de anuncios do espazo do profesional.

Xunto coa solicitude os candidatos presentarán os méritos que pretendan facer valer, sinalándose que non será necesario presentar acreditación dos que xa consten validados no Expedient-E.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Recurso de ALZADA perante a Dirección Xeral de RR.HH. do Servizo Galego de Saúde, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte á súa publicación.

A Coruña, 18 de xuño de 2015

  
SERVIZO GALEGO de SAÚDE - Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña  
XERENCIA

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga

Xerencia de Xestión Integrada